

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN
COMISIÓN DE VALORACION

**CONVOCATORIA SUBVENCIONS ENTIDADES DEPORTIVAS E
DEPORTISTAS INDIVIDUAIS
TEMPADA 21/22
O.A. TERRA DE SANXENXO**

Pola presente e en virtude das miñas competencias propias como Concelleiro de Deportes, Xuventude e Volutariado.

De conformidade co establecido na Base 10ª das bases reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións a entidades deportivas e deportistas individuais para a tempada 2021/2022, emítase o seguinte **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**, como resultado da reunión da Comisión de Valoración celebrada en data 20 de xuño de 2023.

ANTECEDENTES.

- No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de 18 de abril de 2023 publicáronse as “Bases e convocatoria da concesión de subvencións a entidades deportivas e deportistas individuais para a tempada 2021/2022”, nas que se establecía un prazo de 20 días hábiles para a presentación de solicitudes.
- Unha vez rematado o prazo de presentación, presentándose un total de dezaioito solicitudes, coa seguinte distribución:
 - Liña 1: Asociacións e entidades deportivas privadas: dezasete solicitudes.
 - Liña 2: Deportistas individuais: unha solicitude
- Unha vez revisadas as solicitudes, procedeuse a requirir ás dez entidades e un deportista que debían subsanar a súa solicitude por falta da documentación preceptiva, concedéndoselles un prazo de 10 días hábiles para que emendasen as faltas ou presentasen os documentos perceptivos, segundo o disposto na Base 6ª.
- Transcorrido o prazo máximo e improrrogable de subsanación, contados a partir do seguinte á recepción de cada requirimento, comprobouse que as entidades Club Rítmica Salnés, VT Os Raposos, VT Portonovo 1979 e VT Villalonga non procederon á subsanación polo que, de acordo co establecido na Base 7ª e co



O.A. Terra de Sanxenxo

que se informaba no propio requirimento, deberán terse por desistidos, arquivándose a solicitude sen máis trámites.

VALORACIÓN

A valoración das solicitudes admitidas realizouse aplicando os criterios establecidos na Base 9ª, dando como resultado a seguinte puntuación e valoración económica:

<u>ENTIDADES E DEPORTISTAS INDIVIDUAIS ADMITIDOS</u>	<u>VALORACIÓN EN PUNTOS</u>	<u>VALORACIÓN EN EUROS</u>
VILLALONGA FC	77	7.700 €
C PIRAGÜISMO PORTONOVO	72	7.200 €
AX SARAIBA DO MAR	71	7.100 €
CCD SANXENXO	71	7.100 €
PC SALVAMENTO SANXENXO	67	6.700 €
PORTONOVO SD	65	6.500 €
SANXENXO BALONMÁN	57	5.700 €
CB BALTAR	35	3.500 €
VIAJES INTERRÍAS FF	27	2.700 €
EF SPORT 2017 SD	24	2.400 €
CX SANXENXO	23	2.300 €
CLUB NAÚTICO PORTONOVO	18	1.800 €
LIBERTAD SP CLUB	7	700 €
PAULA SUAREZ GOMEZ	20	2.000 €

Notificada esta proposta de resolución, abrírase un prazo de dez días hábiles para que todas as persoas interesadas poidan presentar as alegacions que estimen oportunas.

Para que sorte os efectos oportunos. En Sanxenxo, á data da sinatura electrónica
O Concelleiro de Deportes, xuventude e Voluntariado, Marcos Guisasola Padín

